



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA
CELEBRADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2021**

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 9 de abril de 2021, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

**1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS
CELEBRADAS OS DÍAS 12 DE FEBREIRO E 18 DE MARZO DE 2021.**



Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. DAR CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2020.

O Sr. Alcalde da conta do decreto indicado no epígrafe, do que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), vistos os artigos 191 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 89 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a lei de facendas locais en materia de presupostos.

Correspondendo ao presidente da Corporación a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto o informe de Intervención da liquidación, así como o da estabilidade orzamentaria, no que se reflicte un déficit en termos de contabilidade nacional de - 22.577,78 euros, e tendo en conta que as regras fiscais para 2020 e 2021 están suspendidas por Acordo do Congreso dos Deputados de 20 de outubro de 2020.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2020, na que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

<i>Dereitos recoñecidos netos</i>	2.425.890,34€
<i>Obrigas recoñecidas netas</i>	2.501.808,27€
<i>Resultado presupuestario do exercicio</i>	-75.917,93€
<i>Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais</i>	172,82€
<i>Desviacións de financiación negativas do exercicio</i>	336.126,53€
<i>Desviacións de financiación positivas do exercicio</i>	236.353,16€
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO	24.028,26€

<i>Fondos líquidos</i>	1.452.102,27€
<i>Dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro</i>	1.521,94€
- <i>Do orzamento corrente</i>	-
- <i>De orzamentos pechados</i>	-



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000004

- De operacións non orzamentarias	1.521,94€
Obrigas pendentes de pago a 31 de decembro	18.317,81€
- Do orzamento corrente	18.317,81€
- De orzamentos pechados	-
- De operacións non orzamentarias	28.364,16€
Partidas pendentes de aplicación	-
- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-
- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	-
Remanente de tesourería total	1.406.942,24€
Saldos de dubidoso cobro	-
EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA	66.591,89€
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	1.340.350,35€

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre, de conformidade co artigo 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: Remitir a liquidación do Presuposto á Comunidade Autónoma e á Administración Xeral do Estado, de conformidade co artigo 193.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En Mesía, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE Asdo.- Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que de todos os datos destacaríase o déficit de 22.577,78 euros, pero tendo en conta que as regras fiscais están suspendidas por acordo do Congreso dos Deputados, non es ten que facer ningún plan de axuste. Tamén resaltan os fondos líquidos, 1.452.102,27€, e o remanente de tesourería para gastos xerais, que ascende a 1.340.350,35€.

Non habendo máis intervencións, os Sres. concelleiros quedan enterados.

3. MOCIÓN DO BNG SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP9 A GALIZA.

O Sr. Alcalde para a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“Moción sobre a Transferencia da AP9 a Galiza



O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.

Exposición de motivos:

A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten costado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de



4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efectivice canto antes a rebaixa das peaxes da AP9 comprometida no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello

Acorda:

1.- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.

2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9.

Mesía, 3 de abril de 2021. Beatriz Louro López. Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA"

Manifesta o Sr. Alcalde que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción, independentemente do peso que poida ter este acordo no Congreso dos Deputados.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.



Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (52/2021 A 118/2021).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten a aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DE DECRETOS DO 52 Ó 118 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
52	Servizos sociais	Baixa usuaria Servizo de Axuda no Fogar	08/02/2021 1
53	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Pleno ordinario 2/2021 do 12/02/2021	09/01/2021 1
54	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	10/02/2021 1
55	Economía e Facenda	Execución do gasto 10/02/2021	10/02/2021 1
56	Economía e Facenda	Aprobación liquidación orzamento 2020	10/02/2021 1
57	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	10/02/2021 1
58	Economía e facenda	Incorporación remanentes 01/2021	12/02/2021 1
59	Servizos sociais	Modificación intensidade prestación servizo axuda no fogar	12/02/2021 1
60	Economía e facenda	Aprobación Plan Presupuestario a Medio Prazo período 2022-2024	12/02/2021 1
61	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar axuda a domicilio	12/02/2021 1
62	Persoal	Nomeamento de secretaria-interventora accidental	15/02/2021 1
63	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de Habitantes	15/02/2021 1
64	Servizos sociais	Alta usuario no Servizo de axuda no fogar	15/02/2021 1
65	Servizos sociais	Alta usuario no Servizo de axuda no fogar	15/02/2021 1
66	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local 04/2021 do 19/02/2021	17/02/2021 1
67	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de Habitantes	17/02/2021 1
68	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de Habitantes	17/02/2021 1
69	Economía e facenda	Execución do gasto 17/02/2021	17/02/2021 1
70	Contratación	Devolución aval subministro tractor e dúas desbrozadoras. Expte. C11/2017	18/02/2021 1



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000004

RELACIÓN DE DECRETOS DO 52 Ó 118 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
71	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	22/02/2021
72	Obras e urbanismo	Solicitude subvención para obra "Cubrición de parque infantil en Brañas da Valga e outro"	22/02/2021
73	Economía e facenda	Execución do gasto 22/02/2021	22/02/2021
74	Subvencións	Aprobación da participación no Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022	23/02/2021
75	Economía e facenda	Liquidación servizo de axuda no fogar mes xaneiro 2021	23/02/2021
76	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local 05/2021 do 25/02/2021	23/02/2021
77	Acción veciñal	Baixa de beneficiario no programa de axuda de alimentos	24/02/2021
78	Obras e urbanismo	Solicitude subvención Fondo de Compensación Ambiental 2021	24/02/2021
79	Economía e facenda	Execución do gasto 25/02/2021. Nóminas mes febreiro 2021	25/02/2021
80	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	26/02/2021
81	Acción veciñal	Alta de beneficiario no programa de axuda de alimentos	26/02/2021
82	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno local 06/2021 do 04/03/2021	02/03/2021
83	Servizos sociais	Baixa de usuario no Servizo de Axuda a Domicilio	02/03/2021
84	Economía e facenda	Execución do gasto 03/03/2021	03/03/2021
85	Obras e urbanismo	Acordo solicitude subvención actuación área de descanso Albergue de Peregrinos Bruma	04/03/2021
86	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	04/03/2021
87	Servizos sociais	Modificación de xornada de auxiliar de axuda no fogar	05/03/2021
88	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	05/03/2021
89	Persoal	Solicitude subvención gastos socorristas verán 2021	08/03/2021
90	Servizos sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI marzo 2021	08/03/2021
91	Economía e facenda	Execución do gasto 10/03/2021	10/03/2021
92	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes.	10/03/2021
93	Subvencións	Acordo solicitude subvención creación ou mellora de infraestruturas nos concello de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, para o ano 2021	10/03/2021
94	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	10/03/2021
95	Facenda Municipal	Concesión de enganche na rede de abastecemento de auga municipal	11/03/2021
96	Economía e facenda	Corrección erro Decreto 57/2021 de execución do gasto de data 10/02/2021	12/03/2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000004

RELACIÓN DE DECRETOS DO 52 Ó 118 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
97	Economía e facenda	Execución do gasto 12/03/2021	12/03/2021
98	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	12/03/2021
99	Organización e funcionamento	Convocatoria Sesión Plenaria Extraordinaria 03/2021 do 18/03/21	15/03/2021
100	Economía e facenda	Execución do gasto 16/03/2021	16/03/2021
101	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 07/2021 do 18/03/2021	16/03/2021
102	Servizos sociais	Apertura prazos solicitude prazas PAI curso 2021/2022	17/03/2021
103	Economía e facenda	Execución do gasto 17/03/2021	17/03/2021
104	Facenda municipal	Modificación de titular no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	18/03/2021
105	Facenda municipal	Modificación de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	18/03/2021
106	Economía e facenda	Execución do gasto 23/03/2021	23/03/2021
107	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	23/03/2021
108	Facenda municipal	Modificación de titular no Padrón da taxa polo abastecemento de auga municipal	24/03/2021
109	Servizos	Adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa velutina	25/03/2021
110	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	26/03/2021
111	Axudas veciñais	Aprobación bases e convocatoria de axudas por nacemento de fillo/a, adopción e/ou acollemento durante o ano 2021	26/03/2021
112	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	26/03/2021
113	Economía e facenda	Execución do gasto 29/03/2021	29/03/2021
114	Obras e Urbanismo	Aprobación cert. 2-final obra "Camiño de Pereira a Campo das Cruces (Albixoi) e outros" PMC 2020-2021	29/03/2021
115	Economía e facenda	Execución do gasto 30/03/2021	30/03/2021
116	Economía e facenda	Execución do gasto 30/03/2021 . Nóminas mes marzo 2021.	30/03/2021
117	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local 08/2021 do 05/04/2021	30/03/2021
118	Servizos sociais	Aprobación liquidación servizos prestados PAI mes abril 2021	05/04/2021

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 4, 19 E 25 DE FEBREIRO E 4 E 18 DE MARZO DE 2021.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. Alcalde que a Sra. Louro presentou dous rogos e unha pregunta por rexistro, dos que se deu copia a todos os concelleiros.

Pásalle a palabra á Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA CENTRO DE DÍA

Os Centros de Día son equipamentos especializados na atención ás persoas maiores, ás que coidan en función das súas patoloxías e ás que prestan axuda para retrasar os síntomas da velez; constitúen, por tanto, un factor importante na mellora da calidade das súas vidas, tanto no aspecto físico como mental.

Representan, ademais, unha achega importante para as súas familias, que poden ver reducido o seu tempo de atención ás persoas maiores e por tanto, facilitando a conciliación laboral e familiar e reducindo esgotamento e estrés. Os Centros, ademais, explican, informan e orientan as familias en relación aos cuidados que precisan as persoas maiores e as persoas que nas familias se ocupan delas.

Mesía ten unha elevada proporción de persoas maiores na súa poboación, e sen embargo, carece dun centro deste tipo, que contribuiría a mellorar a calidade de vida do conxunto da súa veciñanza.

Por todo o anterior, o BNG SOLICITA que

O goberno municipal, sen máis dilación, proceda a interesarse e a realizar as accións necesarias para a construción e funcionamento dun Centro de Día que preste servizo ás persoas maiores de Mesía. Estudo e xestións que habería que facer sen descartar a posibilidade de que a súa construción e funcionamento sexa, xa de partida, unha actuación conxunta entre concellos limítrofes.

Mesía, 3 de abril de 2021. Beatriz Louro López. Portavoz do Grupo Municipal



do BNG

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA

Manifesta o Sr. Alcalde que coincidimos coa exposición de motivos e a necesidade dun centro de día, pero hai que ter en conta as posibilidades da vida diaria. Xa sendo eu alcalde adquirimos unha parcela por setenta mil euros para a construción dun centro de día en solo urbano en Xanceda, onde está hoxe o PAI, fixemos o proxecto e enviámolo á Consellería, entón do seu grupo político, pero non fomos quen de obter a execución da obra. Temos que adaptarnos á realidade do concello que somos, esa obra supón un gasto de setecentos ou oitocentos mil euros, e a nosa inversión anual con fondos propios é duns cento cincuenta mil. Debería analizarse ademais o custe do seu mantemento e a súa sostenibilidade, pero seguiremos a pelexar por conseguir o financiamento.

De seguido, o Sr. Alcalde pásalle a palabra á Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“REITERACIÓN DO ROGO PARA ASIGNACIÓN DUN LOCAL PARA O USO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

O “Reglamento de Organización, Funcionamento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales” (ROF) sinala, no seu artigo 27:

“En la medida de las posibilidades funcionales de la organización administrativa de la entidad local, los diversos grupos políticos dispondrán en la sede de la misma de un despacho o local para reunirse de manera independiente y recibir visitas de los ciudadanos, y el Presidente o el miembro de la Corporación responsable del área de régimen interior pondrá a su disposición una infraestructura mínima de medios materiales y personales”

O día 11 de xaneiro de 2021 a portavoz municipal do BNG presentou unha solicitude ao Alcalde- Presidente da corporación para poder dispoñer dun local en horario de tarde, en condicións acaídas para exercer o seu labor.

Non foi atendida a solicitude, razón pola que se trouxo ao Pleno ordinario de febreiro, celebrado o día 12, un rogo no mesmo sentido. A resposta no Pleno do alcalde, que nin asignou nin comprometeu ningún local, tampouco xustificou a falta de resposta positiva; facer mención á pandemia non é unha xustificación nin sequera para retrasar a asignación, porque, sen dúbida, o uso que del se fora facer había de ser cumprindo, non só as normas, senón as recomendacións en relación coa covid.

Dado que o concello dispón de locais susceptibles de ser usados polos grupos políticos presentes na corporación e que ningún foi ofertado ao Grupo Municipal do BNG, aínda despois de ser solicitado, en base ao mentado artigo 27 do ROF



O Bloque Nacionalista Galego SOLICITA de novo que O Presidente da Corporación, ou o membro desta en quen delegue, poña a súa disposición un local, en calquera dos equipamentos municipais, con medios mínimos -mesa, cadeiras, conexión a Internet...- para que a representante do BNG na Corporación poida recibir a veciñanza en horario de tarde.

Mesía, 3 de abril de 2021. Asdo. Beatriz Louro López. Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA”.

Sinala o Sr. Alcalde que xa presentou a Sra. Louro das solicitudes en xaneiro e febreiro e non lle convenceron as miñas explicacións, polo que convídoa a que me diga qué locais dispoñibles ten o concello cos medios que vostede solicita. Manifesta a Sra. Louro que hai locais baleiros, botados a perder, como a escola de Mesía ou a vella escola de Cabrui, que aínda que non teñan medios non quere dicir que non os poidan ter, e vostede non me contestou iso, senón que os tempos non estaban para compartir dependencias. Manifesta o Sr. Alcalde que internet só ten a casa da cultura, pero a semana que ven facilítolle unha lista de locais e vostede me di cal se adapta mellor ás súas necesidades.

De seguido, o Sr. Alcalde pásalle a palabra á Sra. Louro, quen da conta da pregunta que, de seguido, se transcribe:

“PREGUNTA AO GOBERNO MUNICIPAL

O 19 de febreiro deste ano sometíase a información pública o documento de inicio do parque eólico Legre, promovido por Green Capital Power. Até o 7 de abril estivo aberto o prazo para presentar consideracións ao documento.

O BNG pregunta:

¿Ten presentado o goberno do concello de Mesía consideracións a respecto do documento de inicio do parque eólico de Legre? ¿Tenas feito públicas ou ten previsto facelas públicas para coñecemento da veciñanza de Mesía?

Mesía, 3 de abril de 2021. Beatriz Louro López. Portavoz do Grupo Municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA”.

Manifesta o Sr. Alcalde que voulles entregar unha carpeta coas alegacións do equipo de goberno ao parque de Legre e ao de Solpor, que xa coñecerían polas actas da Xunta de Goberno. É coñecida por todos a oposición deste grupo de goberno aos parques eólicos, liñas eléctricas e instalacións similares, outra cousa é o feito de entender que as consideracións técnicas teñen que facerse públicas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000004

Como xa dixen co tema das liñas, estamos ante o documento de inicio. Si algunha destas obras ten o e proxecto definitivo co estudo ambiental, valorarase que a alegación do equipo de goberno se poña a disposición de quen a queira subscribir.

Pasa a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. López, quen manifesta que quere que quede constancia en acta unhas aclaracións relativas a temas tratados en plenos pasados. En primeiro lugar, que en ningún momento as miñas críticas son persoais, senón que son sobre a xestión; de feito moitos membros do grupo de goberno son veciños e teño bo trato con eles fai tempo. En relación co tema da posible opción á prazas do concello de Frades no tema do PAI, nós dixemos o que dixemos porque tiñamos constancia nese momento de que era información real, outra cousa é como se tramitou o tema despois. E en canto ao tema dos residuos na Fraga, nunca fomos contra o persoal do concello que fixo os traballos de limpeza, senón que dixemos que si se sabía de quen era a propiedade, non se debían gastar recursos do concello en limpala, senón que o que se tiña que facer era tomar as medidas legais oportunas para que o fixeran os propietarios.

Manifesta o Sr. Alcalde que agradece a consideración no tema persoal. Non me cabía dúbida que era así porque non fixen nada que puidese agravialo persoalmente. En canto ao tema do PAI, se espera de todos nós que actuemos seriamente, e non por dimes e diretes, fareille un dossier de cómo se realizou efectivamente toda a tramitación, pero as prazas que había eran todas para Mesía; outra cousa sería que non se cubrixe algunha, entón o concello prioritario si que sería Frades. En canto ao tema da Fraga, eu non discutín que houbera residuos, senón que vostedes atribuían a titularidade ao concello, e, aínda non sendo así, o que eu defendía era que tiñamos que limpala, pero non por facerlle un favor á Xunta, senón por ben dos nosos veciños. De feito temos agora algún expediente similar, no que imos instar á Xunta a que limpe, pero si non limpa, o que non imos facer é deixalo estar.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.